

Información previa para solicitar a incorporación na asociación REDExBBAA

Estatutos da asociación sen ánimo de lucro REDExBBAA

Artigo 6º

1. Poderán ser integrantes da asociación todas aquelas persoas físicas, con plena capacidade de obrar e as persoas xurídicas tralo acordo do seu órgano competente, que non teñan débedas pendentes coa asociación e que reúnan os seguintes requisitos:

- a. Ter cursado unha titulación na Facultade de Belas Artes (ESDEMGGA, licenciatura ou grao, mestrado e/ou programa de doutoramento).
- b. Ter especial vinculación á Facultade de Belas Artes de Pontevedra, con interese no desenvolvemento dos fins da asociación.

2. Os acordos de admisión de asociados/as tomaraos a Xunta Directiva, unha vez recibida a petición por escrito da persoa que desexa ser admitida.

Artigo 7º

Dentro da asociación poderán existir as seguintes clases de asociados/as:

- a. Fundadores/as, aquelas persoas que subscribiron a acta fundacional.
- b. Numerarios/as, aquelas persoas que ingresaron con posterioridade á subscrición da acta fundacional.
- c. Honorarios/as, aquelas persoas que, a xuízo da Asemblea Xeral, axuden de xeito notable ó desenvolvemento dos fins da asociación.
- d. Colaboradores/as, aquelas persoas que NON participen na asociación a través do pago das cotas, pero establecen relacións de colaboración: económica, de tempo, de cesión de espazos e/ou recursos. Os/as socios/as colaboradores/as terán dereito a asistir ás asembleas xerais, con voz, pero sen voto.

Artigo 8º

1. A condición de asociado/a pérdese:

1. Por vontade propia.
2. Por falta de pago de 1 cota anual, que será de 25 € anuais. O pagamento farase efectivo de 1 ao 31 de xaneiro de cada ano. Se o ingreso a asociación se fai despois da metade do ano pagarase a metade do valor anual.
3. Por incumprimento das súas obrigas ou a realización de accións que prexudiquen gravemente ós intereses da asociación, previo expediente disciplinario, con audiencia do/a interesado/a.
4. Por falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.

2. A expulsión de asociados/as nos supostos dos apartados 2 e 3 do parágrafo anterior, será acordada pola Xunta Directiva, logo da audiencia do/a interesado/a. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

Artigo 9º

Os asociados e asociadas teñen os seguintes dereitos:

1. Participar nas actividades da asociación e nos órganos de goberno e representación, exercer o dereito de voto, así como asistir á Asemblea Xeral, de acordo cos estatutos.
2. Ser informado/a da composición dos órganos de goberno e representación da asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
3. Ser oído/a con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra el/ela e ser informado dos feitos que dean lugar ás ditas medidas, debendo motivarse o acordo que, no seu caso, imponha a sanción.
4. Impugnar os acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á lei ou ós estatutos.

Os asociados e asociadas honorarios/as e colaboradores/as están facultados para asistir ás asembleas xerais con voz, pero sen voto.

Artigo 10º

Son obrigas dos asociados e asociadas:

1. Compartir as finalidades da asociación e colaborar para a súa consecución.
2. Pagar as cotas que se establezan.
3. Desempeñar os cargos para os que foron elixidos.
4. Acatar e cumprir os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación da asociación.
5. Acatar o contido dos estatutos.
6. Ter unha boa conduta individual e cívica.

Tratamento de datos persoais

En cumprimento do establecido na Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de carácter persoal, a asociación infórmalle de que os seus datos de carácter persoal recollidos na entidade serán obxecto de tratamento automatizado nos nosos ficheiros, coa finalidade do mantemento da relación cos/as asociados/as e xestión interna da asociación.

Vostede poderá en calquera momento exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos establecidos na Lei Orgánica 15/1999, dirixíndose por escrito á persoa responsable do fichero na seguinte dirección:

Facultade de Belas Artes
Rúa Maestranza, 2
36002, Pontevedra
España

Solicitud de ingreso na asociación REDExBBAA

Primeiro apelido

Segundo apelido

Nome

NIF / Pasaporte

Correo electrónico

Teléfono

Enderzo

Código postal

Localidade

Provincia

País

Titulación/s cursada/s na Facultade de Belas Artes

Data de nacemento

D./D.^a

, maior de idade, con domicilio en
e DNI

Expoño

Que desexo formar parte como asociado/a de REDExBBAA, para o que me comprometo aceptar as normas que os estatutos da asociación establecen en relación á incorporación de novos asociados e asociadas; así como o cumprimento dos deberes esixidos aos mesmos.

É por iso que solicito

Que teñan a ben resolver favorablemente a miña solicitude de admisión como asociado/a de REDExBBAA.

Novo/a asociado/a

D./D.^a

Sinatura

Data

Presidenta da asociación REDExBBAA

D.^a Marta Fariña Rodríguez

Sinatura

Recibín